



RECEPCIÓN DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO DE ESO

BOLETÍN DE INFORMACIÓN BÁSICA

1- Características específicas da etapa na que se atopan os alumnos:

Etapa obrigatoria coa que se acada o título básico para a incorporación á vida activa. Está constituído por 4 cursos.

1º de ESO

Aumenta o número de materias con respecto á educación primaria: bioloxía e xeoloxía, educación física; xeografía e historia; educación plástica, visual e audiovisual; lingua castelá e literatura; lingua galega e literatura; matemáticas; tecnoloxía e dixitalización; segunda lingua estranxeira (alemán/ francés/ portugués) ademais dunha hora de titoría presencial semanal. Aumenta o número de profesores que imparten clase: un profesor por materia. Hai ademais dúas horas a disposición do centro que se reparten así: unha para lingua castelá e outra para lingua galega.

2º de ESO

Entra en vigor a LOMLOE, cunha distribución similar 1º ESO. Sústitúese Bioloxía e Xeoloxía por Física e Química, e Plástica por Música. A materia de Tecnoloxía e Dixitalización ofértase tamén en sección bilingüe inglés.

A partir de 2º de ESO e con 15 anos os alumnos poden ser propostos para cursar un Ciclo de Formación Profesional Básico (de dous cursos), cuxo título permitirá acceder directamente a un Ciclo de Formación Profesional de Grao Medio.

Os alumnos e as alumnas que obteñan un título de formación profesional básica poden obter o título de graduado en ESO, sempre que na avaliación final do ciclo formativo o equipo docente considere que teñen acadados os obxectivos da educación secundaria obrigatoria e adquiridas as competencias correspondentes.

3º de ESO

Hai novas materias que poden escoller (CULTURA CLÁSICA, CULTURA FINANCEIRA, EDUCACIÓN DIXITAL e ORATORIA) en lugar da segunda lingua estranxeira. Lembrar que de cursar algunha destas materias en 3º non poderán cursala en 4º. Ao alumnado con exención da 2ª lingua estranxeira en 1º e 2º aconséllase algunha materia distinta das segundas linguas estranxeiras.

Tras cursar 2º de ESO habendo recibido medidas de atención á diversidade con anterioridade, o alumnado que non esté en condicións de promocionar a 3º, poderá ser proposto para cursar 3º ESO nun Programa de Diversificación Curricular (PDC). Tamén o alumnado que non estivera en condicións de pasar a 4º ESO, poderá repetir 3º nun PDC.

O PDC é unha modificación e adaptación do currículo dende 3º ESO orientado a alumnado con dificultades relevantes de aprendizaxe e que recibira medidas de atención á diversidade con anterioridade.

4º de ESO

Destacar a importancia de acadar o título de ESO que lles permitirá acceder directamente a unha modalidade de bacharelato ou a un ciclo de FP de grao medio.

Coa LOMLOE, 4º ESO convírtese nun curso orientado á escolla vocacional e a preparar ensinanzas posteriores. Terán que efectuar as seguintes escollas:

Matemáticas A ou Matemáticas B

Tres materias optativas de carácter estatal

Unha optativa de carácter autonómico ou estatal non cursada

PROXECTO EDIXGAL (libro dixital para 1º, 2º, 3º e 4º de ESO)

O ordenador será responsabilidade de cada alumno/a, levarano para a casa (como se fose un libro impreso); unha vez cargados os libros non necesitan conexión á rede para traballar (deberán ter a precaución de ter sempre a batería cargada, é responsabilidade deles) ao final do curso devolveranos en perfecto estado (como

ocorría ata de agora cos libros) salvo que continúen estudos de ESO no centro. Para poder levar en préstamo o equipo deberán de presentar un documento asinado responsabilizándose do bo uso e mantemento do computador.

2- Criterios de promoción e titulación:

Pódese repetir unha ou dúas veces en toda a etapa. Un mesmo curso só se poderá repetir unha vez. Excepcionalmente poderase repetir dúas veces en 4º se o/a alumno/a non repetiu antes na etapa.

Pódese permanecer na etapa de ESO ordinaria ata os 18 anos, de xeito excepcional ata os 19, cumpridos no ano natural en que finalice o curso, se o/a alumno/a é de incorporación tardía ao sistema educativo ou repetiu na Educación Primaria.

- o Pódese promocionar con materias suspensas, automaticamente con só dúas materias suspensas.
- o Pódese obter o título con materias suspensas.

En ámbolos dous casos, é o equipo docente o que toma a decisión, se ben teñen que darse algunhas condicións obxectivas, como que a media do conxunto das cualificacións sexa igual ou superior a cinco, ou que as horas lectivas das materias non superadas non sexa superior a 10. A estas engádense outras de valoración por parte do equipo docente, que decide de forma colexiada.

3- Recuperación de materias pendentes:

Cada Departamento didáctico establecerá o sistema de recuperación de materias pendentes, que poderá ser a través de: exames parciais e finais, boletíns de traballo, atención personalizada en reunións coas persoas responsables en cada departamento.

4- Medidas de atención á diversidade:

Para aquel alumnado con atrasos de aprendizaxe ou calquera outro tipo de dificultades, os departamentos didácticos establecerán algunha das seguintes medidas:

- o Reforzos ordinarios na clase
- o Exención da segunda lingua estranxeira e no seu lugar clases de reforzos nas linguas.
- o Apoios das PT dentro da aula.
- o Agrupamentos flexibles
- o Adaptacións curriculares.
- o Programas de Diversificación Curricular (PDC).

Todas estas medidas serán propostas polo equipo de profesores do alumno/a e contarán coa aprobación dos pais/nais e titores do mesmo.

5- Organización do curso:

- **Horario lectivo**

De 8:35 a 14:30 horas de luns a xoves e os venres de 8:45 a 14:15 horas.

- **Horario de apertura do centro**

Mañás: De 8:20 a 14:30

Tardes: Mércores de 16:30 a 18:30

- **Avaliacións**

O curso organízase en tres trimestres, ao remate de cada un deles farase unha avaliación con información aos pais da evolución académica do alumnado.

- **Días non lectivos**

O claustro aprobou (día de libre disposición do centro) o 4 de novembro e 2 de maio. A ese día haberá que sumar o 31 de outubro de 2024: Día do Ensino; ademais das vacacións establecidas no calendario escolar: Nadal, Entroido, Semana Santa...

6- Asistencia a clase:

A asistencia a clase: é obrigatoria.

Todos os profesores pasan lista en cada clase e rexistran as faltas. Estas deben ser xustificadas, previamente ou no día posterior á incorporación do/a alumno/a ao centro. As faltas, aínda asinadas polos pais, non sempre se consideran xustificadas (casos de reiterada falta de puntualidade, non presentación aos exames,...), salvo motivos de saúde (con xustificación do centro de saúde) ou circunstancias familiares debidamente contrastadas.

A acumulación de faltas de asistencia ou puntualidade pode constituír motivo de sanción, así como posta en marcha dun protocolo de absentismo escolar.

7- Abalar Móbil ou SMS:

Os pais/nais ou titores poden informarse das faltas dos seus fillo/as a través da aplicación informática **Abalar Móbil** (deberán descargar previamente esta aplicación no seu móbil).

A través do programa “Abalar Móbil” para a xestión de faltas, poderanse consultar, ademais, as notas académicas e establecer comunicación co titor/a. (Importante explicitar nas oficinas do centro o nº de teléfono no que se ten descargada a aplicación).

PROTOCOLO BOAS PRÁCTICAS ABALAR

- Solicitar información por parte das familias únicamente en días lectivos
- Utilizar a mensaxería solo para información importante e urxente.
- A xustificación das faltas non debe ser un mero menxase informativo, debe ir acompañado dun documento xustificativo, sobretudo se o alumnado ten unha proba ese día.
- Non solicitar mediante mensaxería, información que xa se da na aula aos alumnos, como deberes, datas de examen, tarefas, etc
- Ter en conta que o profesorado responderá nun prazo razoable

8- Actividades extraescolares e complementarias:

As actividades extraescolares e complementarias son propostas por cada departamento e considéranse dentro da programación de cada materia. Todas as actividades son aprobadas polo Consello Escolar. Se un/ha alumno/a non asiste ás saídas organizadas polo centro, deberá asistir á clase.

9- Servizos complementarios de cafetería e comedor:

O centro conta con servizo de cafetería e comedor. A cafetería está aberta a todo o alumnado do centro.

O comedor escolar funciona todos os días da semana e está pensado para o alumnado transportado e tamén para aquelas familias que teñen dificultades para conciliar a vida escolar e familiar.

En calquera caso, estas circunstancias deberán estar debidamente xustificadas.

Este servizo non é gratuíto, pero hai establecidas axudas para as familias menos favorecidas economicamente.

Na actualidade temos un cupo de 30 prazas todos os días da semana.

10- Características e outras normas do centro:

- O centro considérase un recinto “pechado”, non se pode saír en horario lectivo salvo o alumnado de BAC só no recreo e con autorización paterna/materna.
- O centro conta con profesorado de garda en todo o horario lectivo e nos recreos.
- O centro conta cunhas **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**, (NOF), que regula as normas de convivencia e todos os aspectos organizativos do centro, e que está á súa disposición, podendo consultalo na páxina Web ou pedir unha copia ao titor ou en conserxería.
- Aula de convivencia: aula con profesorado de garda onde poderá permanecer o alumnado que teña que abandonar a súa aula por motivos disciplinarios.

- Situación de folga por parte do alumnado: o alumnado de 1º e 2º da ESO non ten recoñecido ese dereito, os demais alumnos si.

11- Organización dos recursos humanos no centro:

Persoa titora

É a principal persoa de contacto entre a familia e o centro, profesor/a máis implicado no seguimento do alumnado do grupo, coordinador/a do equipo de profesores, e interlocutor ante as familias do desenvolvemento educativo do seu fillo/a.

Destacar a importancia do contacto continuado entre a familia e o/a titor/a na hora semanal de tutoría (de atención a pais); a importancia de manter informado a persoa titora de aspectos familiares que poidan incidir no rendemento do alumnado. É tamén moi importante que os pais estean informados da vida do/a alumno/a no centro. Non esperar a que existan dificultades no desenvolvemento do/a alumno/a para establecer o contacto.

Orientadoras

Teñen funcións de asesoramento ao Centro en xeral, profesorado e familias, para que a orientación ao alumnado sexa máis individualizada en función das súas características persoais. Así o asesoramento se centra en: elección de estudos posteriores, técnicas de estudo, metodoloxías innovadoras, estratexias de atención á diversidade para unha mellor aprendizaxe do alumnado, convivencia e habilidades sociais, impulso e implementación do servizo de mediación escolar, e apoio emocional nos casos necesarios derivando, no seu caso, aos Servizos de Saúde correspondentes. Toda a Comunidade Escolar pode falar con elas no seu horario de atención, sendo recomendable a solicitude de cita previa, pois aínda que teñen un horario extenso de atención semanal, reservando é máis doado ser atendido sen esperas nin sobrecargas.

As orientadoras distribúen os grupos e cursos entre elas e atenden directamente ás familias no seu horario. Para concertar cita pódese chamar ao teléfono directo do departamento de cada unha delas no seguinte horario en función do curso:

- o M^a Guerreiro (1º e 3º ESO; 2º Bac) - 982 87 00 13
Mércores de 11:05 a 12:00 horas.
- o Montse (2º e 4º ESO; 1º Bac) - 982 87 00 06
Mércores, de 12:50 a 13:40 horas.

Persoal non docente (conserxes e persoal de oficina)

Con horario permanente no centro, a través deles pódese contactar co profesorado ou resolver directamente cuestións de carácter administrativo.

Teléfono do Centro: 982 870003 – Fax. 982870012

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesollosgrandes/>

Equipo directivo: Director: D. Francisco Javier Nuñez Aguado
Vicedirector: D. Jesús Álvarez Arias
Xefa Est.: D^a M^a Teresa Ulloa González
Secretaria: D^a Ana Isabel Carballas Pérez

Claustro de profesores e horario de recepción a pais/nais : consultar na páxina web.

Informes médicos: Cando un alumno/a falte a clase por ter cita médica, será necesario xuntar o xustificante médico de asistencia a tal cita (coa hora de chegada e a hora de saída). Este xustificante poderase pedir no mostrador do centro de saúde.

Non é necesario traer informe médico, só xustificante de ter acudido á cita.

Cando un alumno/a teña limitada a actividade física, é urxente informar ao centro remitindo a documentación oportuna, que neste caso é un informe médico.

Separación matrimonial: Cando haxa unha separación matrimonial deberase comunicar ao centro esta circunstancia, remitindo, se a houber, copia da sentenza legal de custodia. Así mesmo de haber outros conflitos, recoméndase informar debidamente

ao titor/a, xa que poden afectar no estado de ánimo e nas condutas do/as rapaces e rapazas.

Actualización de datos: Prégase que teñan actualizados os datos (telefónicos e de domicilio) en Secretaría, e de houber algunha modificación, informaren de inmediato.

12- Suxestións para a colaboración das familias

Hai aspectos nos que a colaboración é fundamental e necesaria:

- o Importancia do estudo diario non só pola frecuencia dos exames en todas as materias senón para manter un hábito de traballo, fundamental de cara a etapas posteriores -Necesidade dun horario de traballo metódico e constante na casa.
- o Vantaxes e desvantaxes da asistencia a pasantías. Estas non suplen o traballo diario do/as alumno/as na casa. É dicir, ademais do tempo que van adicar á pasantía deben adicar outro tempo de traballo persoal.
- o Horario e lugar de estudo
É importante que o alumnado vaia desenvolvendo hábitos autónomos de traballo adaptados aos seus obxectivos e necesidades, que faga un horario de estudo, con unha planificación semanal e realista. Moi importante que ese horario deixe espazos para descansos e para desfrutar con actividades lúdicas, sociais e de ocio.

A escusa de “non teño deberes” non debe de servir de xustificación para non cumprir un horario de estudo diario. Sempre hai algo que ler, estudar, revisar, adiantar, ... O horario debe ser persoal, adaptado ás circunstancias e actividades de cada alumno/a e familia.

- o Ambiente de estudo é moi importante: Necesario un lugar fixo, ben iluminado, lonxe de ruídos, interrupcións e posibles distraccións: móbil, televisión, ordenador (aínda que ás veces o precisen para traballar). Lembrar que debe de estar nalgún lugar onde os adultos poidan observar as páxinas que visitan.

- o É conveniente que dispoñan dunha axenda onde anotar deberes, entrega de traballos, exames, dúbidas para propor ao profesor dalgunha materia.
- o Cómpre mencionar a obriga dos/as alumno/as de traer o material necesario ás clases (libros/ordenador, carpetas, cadernos, material de debuxo e educación física...). E que sexan o/as propio/as rapaces/zas quen se responsabilicen diso.
- o Necesidade de levar uns hábitos de vida sá: alimentación, sono, hixiene. Importancia de que tomen o almorzo, xa que pasan moitas horas dende a última inxesta de alimento e iso inflúe na concentración, comprensión, fatiga durante a mañá.
- o Reforzamento desde a familia do papel e labor dos profesores e viceversa. Para iso fai falta unha FLUÍDA comunicación entre familia e titores.

Lembrar ás familias que a súa actuación é fundamental, que as palabras e comportamentos nas familias teñen máis peso que a escola e o instituto, e que por iso se fai necesario que interveñan de xeito claro. A súa colaboración e apoio resulta indispensable, entre todos pretendemos formar adolescentes preparados para se converter non só en bos estudantes e futuros profesionais competentes senón en persoas e cidadáns exemplares.

Lugo, setembro de 2024

Dirección

